

III Festival Integrarte

Written by Anónimo

Wednesday, 25 June 2008 15:36 - Last Updated Wednesday, 25 June 2008 09:44

A complexo psicosocioeducativo O Pelouro A Xeito, situado en Caldas de Tui, leva anos experimentando con novas formas pedagóxicas na procura dun verdadeiro principio da diversidade na educación. Educar para a diversidade vén sendo educar para a diferenza, xa non o respecto á mesma, senón a súa aceptación irrenunciábel e primeira en relación a calquera outro principio. Este fin de semana en concreto, temos na Abadía e Factoría O Pelouro A Xeito un festival neste senso, no que as artes contemporáneas xogarán un decisivo papel. Trátase dun encontro interdisciplinar no que o teatro, a danza, a música... conflúen como formas manifestas de educación, comprensión, diversidade... É o [III Festival Integrarte](#) que podes consultar, no que trataremos de estar presentes, e que por riba, acontecerá nun marabilloso entorno rural da galiza... Preme en III Festival... para consultar programa.